

ROF		
EXPEDIENTE	Sesión ordinaria do Pleno do Concello 25.10.2012	Ref. 12/2012
TRÁMITE	Acta	

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO 25 DE OUTUBRO DE 2012

No Salón de actos da Casa Consistorial, sendo as 18:00 horas do día 25 de outubro de 2012, reúnese o Pleno deste Concello, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a Nidia María Arévalo Gómez, cón fin de celebrar sesión ordinaria segundo a orde do día fixado por Resolución da Alcaldía e notificado aos Srs. Concelleiros.

Asisten os seguintes Srs. Concelleiros:

Polo grupo municipal P.P.:

D. Óscar Soto Abadín
D^a. Julia Loureiro Campo
D. Alberto Méndez Lago
D. José Luis Alonso Seijo
D. Cándido Pérez Rodríguez
D^a. Sara M^a Cebreiro Alonso
D. Camilo Augusto Martínez
D. Isidoro José Táboas Moldes

Polo grupo municipal PSdG-PSOE:

D. Tomás García Morgadas
D. Alfonso Parada Fernández
D^a. Delfina Rodríguez Lorenzo
D^a. Patricia Pérez Ucha
D. Gerardo Guisande Alonso

Polo grupo municipal B.N.G.:

D. Miguel Anxo Aldea Moscoso
D^a. M^a del Carmen Vila Blanco

Secretario

Fernando Torre Comesaña

Interventor

Sergio Rodríguez Pérez

Ausentes

D^a. M^a Raquel Monzón Otero

1. Aprobación borrador acta sesión anterior (25 de setembro de 2012).

Iníciase a sesión someténdose á aprobación dos membros corporativos, a acta da sesión celebrada con data 30 de agosto de 2012, ao abeiro do sinalado no artigo 91.1º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Non habendo alegacións procedese á súa votación ordinaria, aprobándose por unanimidade.

2. Recoñecemento extraxudicial de crédito nº 08/2012

Dáse conta que o asunto foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de Contas, Economía, Emprego e Patrimonio, celebrada o 22 de outubro de 2012.

Non habendo intervencións, sometese a votación, resultando aprobada por unanimidade dos membros da corporación a seguinte proposta:

Primeiro.- Levantar o reparo da Intervención Xeral

Segundo.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito num. 08/12 dos gastos incluídos na relación num. 2012-94 por importe de 156.678,61 euros.

3. Aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Mos.

Dáse conta que o expediente foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de Urbanismo, celebrada o 22 de outubro de 2012.

Ábrese a quenda de intervencións, intervindo o Sr. Parada Fernández para dicir o que o seu grupo espera que o procedemento que se abre hoxe se leve a cabo o mais rápido posible para que os veciños e veciñas de Mos poidan gozar dun plan Xeral.

O Sr. Aldea Moscoso di que se leva traballando xa hai tempo que os técnicos municipais levan feito un traballo férreo de control, pide que se lle dea a máxima publicidade posible para que ningún quede sen coñecemento deste Plan.

A Sra. Loureiro Campo manifesta que é unha grande satisfacción traer este punto e ademais que se aprobe por unanimidade. Que estes dous meses farase o máximo esforzo para que os veciños poidan consultalo e facer tódalas alegacións que sexan posible.

A Sra. Alcadesa quere que conste en acta o agradecemento a tódalas persoas que fixeron posible chegar ata aquí, empezando polo anterior grupo de goberno e cos anteriores grupos municipais, tamén os que están agora e en especial a concelleira actual de urbanismo, agradecerlle tamén aos técnicos redactores e os municipais. E que neste caso foron tódolos grupos da man e que espera que seguir así.

A continuación sómete a votación, aprobándose por unanimidade dos membros presentes da Corporación o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Mos nos termos que constan no expediente.

SEGUNDO: Abrir un período de información pública durante **dous meses**, mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia, e nos xornais “La Voz de Galicia” e “O Faro de Vigo”.

Durante o devandito período quedará o expediente, con todos os documentos que integran o Plan Xeral, incluído o informe de sustentabilidade ambiental, a disposición de calquera que queira examinalo para que presenten as alegacións que estimen convenientes.

TERCEIRO: Suspender, de conformidade co disposto no artigo 77.2 e 3 da Lei 9/2002 e 120 do Regulamento de planeamento, o outorgamento de licenzas **naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento en que as novas determinacións deste supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente.**

Y a tal efecto, sen prexuízo do alcance da referida suspensión, sinalar como áreas especialmente afectadas por esta as seguintes:

3.1.- Solos clasificados na nova ordenación como urbanizable delimitado e non delimitado (SUD e SUND) e solos clasificados como Solo urbano non consolidado (SUNC).

3.2.- Aqueles ámbitos en calquera clase de solo urbano, núcleo rural, urbanizable ou rústico clasificado pola normativa vixente nos que o PXOM aprobado inicialmente sitúe equipamentos, dotacións ou espazos libres non previstos na normativa vixente.

CUARTO: Dar audiencia aos municipios limítrofes simultaneamente e durante o prazo de información pública, e someter o plan presentado ás consultas previstas no documento de referencia.

QUINTO: De conformidade co disposto no artigo 85.3 da Lei 9/2002, solicitar ás Administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios.

4. Dación de conta da aceptación da proposta dos sindicatos respecto as modificacións das prestacións por incapacidade laboral transitoria.

Dáse conta da aceptación da seguinte proposta:

Aceptase a proposta dos sindicatos respecto as modificacións das prestacións por incapacidade laboral transitoria:

1. Modificar o artigo 57º-Réxime de retribucións en procesos de baixa por enfermidade ou accidente do Acordo Regulador: no se punto primeiro e segundo quedando da seguinte forma:

“Concello de Mos asegurará e abonará a todo ó persoal en situación de Incapacidade Temporal os seguintes complementos:

1. *Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias comúns:*
 - a. *Desde o primeiro día da situación de incapacidade temporal ata o terceiro día, inclusive, se lle recoñecerá un complemento retributivo do 50% das retribucións que se viñera percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade incluídos tódolos conceptos.*
 - b. *Desde o cuarto día da situación de incapacidade temporal ata o día 20 inclusive, se lle recoñecerá un complemento retributivo do 75% das*

retribucións que se viñera percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade incluídos tódolos conceptos.

- c. A partires do día 21 se abonará un complemento ata alcanzar o 100% das retribucións que se viñera percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade incluídos tódolos concepto.*
2. *Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais (accidente laboral ou enfermidade profesional) e perante todo o período de duración da mesma, a percepción do 100% das retribucións, por todo os conceptos, que viñera percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade incluídos tódolos conceptos.*
3. *Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias comúns se lle recoñecerá dende o inicio da IT, un complemento retributivo do 100% das retribucións que se viñera percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade incluídos tódolos conceptos nas seguintes situacións:*
- *Hospitalización*
 - *Intervención quirúrxica ou ambulatoria*
 - *Risco por embarazo*
 - *Maternidade*
 - *Paternidade*
 - *Risco perante a xactancia natural*
 - *Accidente grave ou moi grave*
 - *IT por enfermidade relacionada por discapacidade recoñecidas cun grado 33% ou superior.*
 - *IT sen hospitalización pero que requira tratamento ou terapia hospitalaria por enfermidades crónicas, dexenerativas, irreversibles e/ou incurábeis (por exemplo a diálise)*
 - *Procesos oncolóxicos*
 - *Períodos de recuperación ou postoperatorios e recaída dos mesmos.*

Cando haxa dúbidas en situacións distintas as enumeradas nos apartados anteriores serán resoltos por acordo e a través dunha comisión que se constituirá ó efecto e que aplicará o regulamento que se aprobe, formada por un membro de cada sindicato con representación no concello, os/as Presidentes/as da Xunta de Persoal e Comité de Empresa, os asesores que se consideren oportunos para a toma de decisións e o Alcalde ou concelleiro en quen delegue.”

2. **Modificar o artigo 58º-Réxime de retribucións en procesos de baixa por enfermidade ou accidente do Convenio colectivo: no se punto primeiro e segundo quedando da seguinte forma:**

“Concello de Mos asegurará e abonará a todo ó persoal en situación de Incapacidade Temporal os seguintes complementos:

4. *Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias comúns:*
- a. Desde o primeiro día da situación de incapacidade temporal ata o terceiro día, inclusive, se lle recoñecerá un complemento retributivo do 50% das retribucións que se viñera percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade incluídos tódolos conceptos.*

- b. Desde o carto día da situación de incapacidade temporal ata o día 20 inclusive, se lle recoñecerá un complemento retributivo do 75% das retribucións que se viñera percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade incluídos tódolos conceptos.
- c. A partires do día 21 se abonará un complemento ata alcanzar o 100% das retribucións que se viñera percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade incluídos tódolos concepto.
5. Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais (accidente laboral ou enfermidade profesional) e perante todo o período de duración da mesma, a percepción do 100% das retribucións, por todo os conceptos, que viñera percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade incluídos tódolos conceptos.
6. Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias comúns se lle recoñecerá dende o inicio da IT, un complemento retributivo do 100% das retribucións que se viñera percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade incluídos tódolos conceptos nas seguintes situacións:
- Hospitalización
 - Intervención quirúrxica ou ambulatoria
 - Risco por embarazo
 - Maternidade
 - Paternidade
 - Risco perante a xactancia natural
 - Accidente grave ou moi grave
 - IT por enfermidade relacionada por discapacidades recoñecidas cun grado 33% ou superior.
 - IT sen hospitalización pero que requira tratamento ou terapia hospitalaria por enfermidades crónicas, dexenerativas, irreversibles e/ou incurábeis (por exemplo a diálise)
 - Procesos oncolóxicos
 - Períodos de recuperación ou postoperatorios e recaída dos mesmos.

Cando haxa dúbidas en situacións distintas as enumeradas nos apartados anteriores serán resoltos por acordo e a través dunha comisión que se constituirá ó efecto e que aplicará o regulamento que se aprobe, formada por un membro de cada sindicato con representación no concello, os/as Presidentes/as da Xunta de Persoal e Comité de Empresa, os asesores que se consideren oportunos para a toma de decisións e o Alcalde ou concelleiro en quen delegue.”

5. Resolucións de Alcaldía.

Dáse por realizado o trámite.

6. Comunicacions de Alcaldía.

A Alcaldesa dálle a palabra da concelleira de Medio Ambiente:

- Empezan coas xornadas micolóxicas que serán no Pazo de Mos, en colaboración coa C.MM. de Mos, que se inaugurarán no Restaurante Esteban o vindeiro martes día 30. E o sábado, as oito de noite, haberá un serán e o domingo teatro para os nenos; con unha

recolecta de setas o sábado, polo monte de As Pedriñas e o domingo polo monte de Mos.

A concelleira de cultura comunica:

- O día 18 de novembro, ás oito da tarde, hai un concerto de María do Ceo subvencionado pola Deputación.
- E o vindeiro domingo 28 celebrarase o festival de habaneras, organizado por A somamos e co que colabora o Concello.

7. Rogos e preguntas.

O Sr. García Morgadas pregunta si hai en concreto algún plan da Deputación para camiños en Mos.

Responde a Alcaldesa que si e que lle corresponden a Mos cerca de 300.000 euros e que se decidiu invertelos en mellora de capa de rodadura e saneamento.

Roga que se arranxe un buraco que hai no camiño do Castro en Mos, no cruce coa Ponte do Río e tamén os que hai no camiño de Cerqueiras.

E quere felicitar a un traballador do concello, Álvaro, pola fonte que esta facendo na Radeira.

O Sr. Parada Fernández pregunta polo tema da visita do conselleiro, o Sr. Hernández, se a parte de comprometer as cantidades para as obras do arranxo do paseo do río e das obras entre rotondas, tamén se saben datas.

Responde a Sra. Alcaldesa dicindo que as obras do río faranse en colaboración da Confederación Hidrográfica e Deputación de Pontevedra e que será unha parte dentro da obra de encauzamento do río. Por outra banda está a obra de humanización e mellora do entorno de Costilleta a As Angustias, obra que ascende a dous millóns e medio de euros, que foi o que viu a comprometer o Conselleiro que todo o proceso ten unha duración de tres anos e que se espera que para o ano se empecen a acometer as obras.

Preguntalle a Concelleira de urbanismo como está o tema da nave de Puxeiros.

Contesta a Sra. Loureiro Campo que presentaron o proxecto que o están vendo os técnicos municipais e que unha vez que cumpra terá un prazo de seis meses para comezar o derribo.

Rógalle ao Concelleiro, Sr. Táboas Moldes, que lles traslade un resume do uso das instalacións deportivas municipais, quen as usan e en que horarios.

Quere lembrarlle ao Concelleiro Sr. Soto Abadín, que nestas datas era o prazo onde continuaba o proceso xudicial polo edificio de Puxeiros e outro pola nave de Grayco.

A Sra. Rodríguez Lorenzo roga que a rampla do aparcamento lateral de acceso ao Centro de Saúde se arranxe xa que esta ladeada.

Roga que se pinte as sinais horizontais da estrada de Peinador a Puxeiros, xa que neste tempo coa néboa hai a veces que soamente te podes guiar pola raia.

Interesase polo que vai pasar coa escola unitaria de Louredo.

A Sra. Alcaldesa di que está nas previsión do goberno conseguir unha nova gardería

Pregunta se as conexión de saneamento que se estiveron a facer de Dicarvi para arriba, se están rematadas.

Respóndelle o Concelleiro delegado de saneamento, Sr. Augusto Martínez, que falta a reposición.

Pregunta si non se vai a acabar de limpar a estrada da Arrufana, xa que a semana pasada estivo o persoal da Deputación limpando e non rematou pero xa marcharon.

A Alcaldesa contesta que se foron para outra estrada da Deputación pero que supón que volveran porque aínda están polo Concello.

O Sr. Parada Fernández, intervén para dicir que os traballadores da Deputación deberían aprender dos traballadores do Concello que limpan os camiños moito mellor.

A Sra. Alcaldesa, agradécelle as súas palabras.

A Sra. Pérez Ucha, di que pregunta, como fai dous meses, pola marquesiña do novo colexio de Cela.

Contesta a Sra. Alcaldesa que, primeiramente quere desculpar a ausencia da concelleira delegada de Educación que está nunha excursión cos maiores e seguidamente responde que hai un acordo coa escola que vai facer a marquesiña de obra pero mentres tanto colocárase outra como aos do resto que hai no Concello que será cuestión duns días.

Interpela sobre por qué nun socavon que había en Atín se botou un monte de zahorra.

Responde o Sr. Méndez Lago que é porque vai repisando.

Pregunta se o bombeo que se colocou en Cela xa está funcionando; e polo alcantarillado por enriba da autopista.

Responde o Sr. Augusto Martínez que comezará en breve xa que se están en trámites con Fenosa para a conexión. Sobre o Alcantarillado quen o fai é augas de Galicia e están facendo obras que pensa que unha delas será esa.

Sobre a Ludoteca de San Rafael quere saber que pasou.

Contesta a concelleira delegada, Sra. Cebreiro Alonso que se espera poñer en funcionamento para o ano xa que co presuposto deste ano non se podía sacar.

O Sr. Guisande Alonso, pregunta si está conectada a fábrica de pescado, e sobre 3 enganches que quedaron de ir a ver.

Responde o Sr. Augusto Martínez que si está. Sobre os enganches dílle que xa foron a velos e que haberá que facer un escrito que é o que se vai transmitir a secretaría e en canto se poida faranse eses enganches.

Roga que se pinte os pasos de cebra en Sanguiñeda.

Pregunta cando se acaba de limpar os balados, as cunetas, etc.

Responde o Sr. Pérez Rodríguez que quedaron uns tramos sen facer e agora ao rematar en Guizán volven para Sanguiñeda.

O Sr. Aldea Moscoso, pregunta cando se conectou a fábrica de peixe de Sanguiñeda.

Responde o concelleiro delegado que haberá 15 días e agora esixe a Confederación que se conecte a que está enfronte.

Roga que se revisen os colectores no camiño do Bosende ao lado da casa de Benigno, que parece ser que hai ratas.

Pregunta se hai unha denuncia pola nave que se está a facer nas Angustias ao lado da vía do tren.

Responde a concelleira delegada de urbanismo que si hai unha denuncia e se fixo unha providencia para que informe a policía.

O Sra. Vila Blanco, roga que limpen as cunetas pola parroquia de Torroso.


Rematado o punto e non habendo máis asuntos que tratar, a Alcaldesa levantou a sesión sendo as dezaioito horas coarenta e dous minutos do vintecinco de outubro de dous mil doce, estendéndose a presente acta da que como secretario dou fe.

A Alcaldesa
Visto e prace



Nidia Mª Arévalo Gómez

O Secretario



Fernando Torre Comesaña